

Miguel Matamoro
en concierto

Cadernos de Loira



© Fotos: María Díez

creotzmusic

Miguel Matamoro

compositor
e pianista

Miguel Matamoro compaxina a súa faceta de compositor coa de pianista e intérprete da súa propia música.

A súa música foi programada en distintos festivais e auditorios, destacando a Quincena Musical de San Sebastián, o Ciclo de Música Contemporánea da Fundación BBVA, o Festival Ensems de Valencia, o Museo Guggenheim de Bilbao, a Fundación Juan March, o Auditorio de Galicia, a Real Academia Galega de Belas Artes ou a Fundación Eutherpe; xa no estranxeiro, o Centro de Arte Contemporánea de Puebla de Zaragoza (México), o Organ Hall da Universidade de Houston (EEUU), o Museo da Civilización de Quebec ou o Auditorio Le Vivier de Montreal (Canadá).

Interpretaron o seu repertorio a Orquestra Sinfónica de Euskadi,

a Leos Janacek Philharmonic Orchestra (Rep. Checa), a Real Filharmonía de Galicia, a Banda Sinfónica de Valencia, a Banda Municipal da Coruña, a Banda Municipal de Castelló ou A Pamplonesa, así como os solistas e directores Klara Novakova, Séverine Ballon, Roberto Alonso, Christian Dierstein, Manuel Nawri, Maximino Zumalave y Baldur Brönnimann.

Colabora cunha ampla variedade de artistas e proxectos: desde a música de cámara ou sinfónica ata o jazz, a electrónica ou a produción audiovisual, escribindo a banda sonora da película *El arte de los analfabetos*.

É premio EMCW de Composición e Silver medal nos Global Music Awards da música independente (EEUU). En 2016 estreou *Brétema* para orquestra, inspirada na néboa do litoral vigués; en 2018, compuxo *Duns folios que foron brancos* para o Consello da Cultura Galega; e en 2025, a súa obra *Endurance* pechou a tempada da Real Filharmonía de Galicia.



Cadernos de Loira

Unha viaxe
ao recóndito
da
memoria

Cadernos de Loira é unha viaxe musical e autobiográfica por lugares recónditos no recordo, principalmente da contorna rural; un espectáculo a piano só que combina improvisacións e pezas escritas polo propio compositor.

En 2018, Miguel Matamoro regresa a Galicia e aséntase en Seixo, onde reside durante dous anos. Moi preto está Loira, pequeno lugar con casas afincadas na ladeira do monte, compoñendo estreitas rúas que serpentean fronte ao mar. É alí onde inicia a súa colección de pezas, nun diálogo coa contorna que, durante a pandemia, tradúcese en ideas e temas principais dunha serie de concertos ofrecidos en liña.

Tras o confinamento, trasládase a Muros, ao lugar de Bornalle, onde reside na actualidade e segue escribindo os seus cadernos, nos que plasma recordos, persoas e lugares que deixaron pegada, destacando algúns enclaves xermes das súas pezas, como a ría de Vigo, a ría de Muros e A Mariña Lucense, que reflicte nalgúns dos seus títulos –*A fábrica, Bornalle* ou *Carta a Cervo*– e revisita a través das súas improvisacións. Música, en suma, que se nutre de lugares singulares, «paisaxes e experiencias que me fan escribir e tocar»; un percorrido polos camiños máis íntimos da súa memoria.

O repertorio deste concerto pon o foco sonoro nalgúns dos estilos predilectos do compositor: folclore, jazz e música clásica do primeiro terzo do s.XX, con figuras como Ravel, Rachmaninov, Stravinski, Prokófiev ou Mompou.



Especificacións técnicas

Duración do concerto

Entre 50 e 70 minutos, aproximadamente. Ao incluír pasaxes improvisadas, esta duración pode variar lixeiramente.

A sala

- Deberá contar cun espazo debidamente dimensionado para albergar comodamente un piano de cola tipo Yamaha C3 ou superior (149x101x186cm).
- Deberá estar plenamente dispoñible o día anterior ao concerto para ensaios e probas.
- Deberá estar debidamente illada do ruído exterior e garantir o silencio necesario para o concerto.
- Calquera acto promocional do concerto deberá levar a cabo anteriormente ao día do concerto. Calquera custo asociado á promoción do mesmo correrá a cargo do promotor.
- Unha vez iniciado o concerto, non se permitirá o acceso de público á sala.

Gravacións

- Non está permitido ou rexistro de vídeo, audio ou fotografía sen aviso previo/acordo co representante do artista.
- Será de obrigado cumprimento avisar, antes do concerto, da necesidade de apagar vos dispositivos electrónicos.

Piano

- Piano de cola tipo Yamaha C3 ou superior. En caso dun piano de dimensións menores, deberá ser consultado previamente, e só admitidas se o tamaño da sala requireo.
- Piano debidamente afinado antes do concerto, preferiblemente en A440. Outro tipo de afinacións serán aceptadas en caso de compartir programación dentro dun ciclo.
- Deberá estar debidamente axustado e coa mecánica lista e regulada. O tallo será regulable.

Iluminación

- Será o máis tenue posible, enfocada ao pianista. A regulación da mesma buscará no posible o debido illamento do músico e a súa mellor concentración. Toma de corrente próxima no caso de que a luz existente non se adecúe á súa necesidade.

Camerino

- No camerino, deberá haber unha botella de auga, un Aquarius de limón e 2 plátanos de Canarias. Tamén se requiren dúas toallas de man limpas. De non haber camerino, dispoñeráse dun espazo reservado para descanso do músico dotado co anterior.

Sobre a súa música...

«O piano de Miguel Matamoro levoume a aquel famoso concerto de 1975 en Colonia (Keith Jarrett), onde a improvisación converteuse nunha gravación mítica. A música de Miguel é verdadeiramente fermosa e sae do corazón».

Juan Durán, compositor, pianista e profesor.

«Unha voz musical de gran refinamento e orixinalidade, capaz de desenvolver material con gran eficacia dramática. A súa escritura, límpida e orgánica, e o seu talento para desenvolver material musical conquistáronnos».

Quasar Saxophone Quartet (Canadá).

«*Passacaglia* mostra o seu dominio do equilibrio formal; *Endurance*, a súa capacidade para soste unha intensidade continua: ambas revelan unha escritura depurada e poderosa».

Paco Yañez, revista Scherzo.

«Emparentada coas mellores expresións musicais do Pop Art (Mauricio Kagel, Carles Santos ou Johann S. Mastropiero), *Passacaglia* é unha deliciosa descrición sonora dunha festa popular en Galicia –unha festa popular e unha Galicia pertencentes ás tradicións inventadas– tan ben elaborada como pode selo unha escultura de Jeff Koons, artista co cal Matamoro comparte tenrura, orixinalidade e sinceridade ».

Xoan Carreira, revista Mundo clásico.

Contacto

Angel Matamoro
+34 629 801 522
am@creotz.com

© Fotos: María Díez
Deseño: Creotz